

A D.O. Ribeira Sacra supera os 5 millóns de quilos de uva colleitos

A D.O. Ribeira Sacra fixaba como data oficial recomendada para o inicio da vendima o pasado 16 de setembro, aínda que o 26 de agosto varias adegas iniciaban xa a recollida. Así cando xa se cumpríu un mes de vendima, a D.O. alcanzaba o 30 de setembro os **5.096.468 quilos de uva colleitos**. Na pasada campaña, que terminaría converténdose na máis abundosa da historia da D.O. con máis de 7 millóns de quilos de uva colleitos, tamén era a finais de setembro cando se superaban os 5 millóns de quilos de uva. Os datos por variedades son os seguintes:

Variedades tintas

- **Mencia 4.217.830 kilos**
- Garnacha 138.387 kilos
- Sousón 93.348 kilos
- Merenzao 50.072 kilos
- Brancellao 28.104 kilos
- Caíno tinto 27.372 kilos
- Tempranillo 25.024 kilos
- Mouratón 5.292 kilos
- Grao Negro 1.425 kilos

Variedades brancas

- **Godello 388.677 kilos**
- Albariño 62.717 kilos
- Treixadura 40.006 kilos
- Dona Branca 8.213 kilos
- Branco Lexítimo 4.430 kilos
- Torrontés 3.060 kilos
- Loureira 2.511 kilos

Das 92 adegas que van elaborar viño nesta campaña 2020-2021, **12 adegas aínda están a realizar labores de vendima** e as 80 restantes finalizaron os traballos, o que apunta a que nos próximos días poderíase completar esta campaña, na que a uva que está a entrar en adega ten un **estado sanitario óptimo e destaca un aumento do grao**. Os traballos séguense desenvolvendo con todas as medidas necesarias para a prevención da Covid19.